

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Asunto: *Aprobación inicial Modificación Puntual nº 4 do PXOM. Expediente 2018/X999/000176.*

O Pleno municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de outubro de 2018, acordou aprobar inicialmente a modificación puntual nº 4 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (PXOM) no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a, segundo a documentación técnica redactada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (col. 1047 COAG).

O que se somete a información pública por un prazo de dous meses en cumprimento dos artigos 60 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* e 144 do *Regulamento da Lei do Solo*, co fin de que as persoas que se consideren afectadas por ela poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

O documento técnico, o resumo executivo e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na Oficina Técnica municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e nesta páxina web.

Carballo, 15 de novembro de 2018

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Dona Susana Mariño Lorenzo, Secretaria Accidental do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 29 de outubro de 2018 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3.- Modificación puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Aprobación inicial.

Primeiro.- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 4 do PXOM de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Álvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 C.O.A.G.).

A modificación puntual consiste fundamentalmente na prolongación do sistema xeral viario SX-VI2a, polo norte sobre a rúa Pintor Francisco Miguel, ata a estrada AC-552, conectando coa rúa Vila de Negreira polo sur, redefinindo a ordenación detallada do novo vial, reformulando as aliñacións, a definición xeométrica do eixo, rasantes e seccións, ao longo do seu trazado. Prevense tres novas interseccións mediante dúas glorietas nos cruces da nova vía coas rúas Alfonso X O Sabio e Carlos Díaz O Xestal e un cruce convencional na rúa Andrés Gaos.

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumo executivo.

Terceiro.- Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cuarto.- Solicitar informes sectoriais preceptivos da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.

Quinto.- Conforme ao disposto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 86 do seu regulamento (Decreto 143/2016, de 22 de setembro), o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. “

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde

Dictame da Comisión informativa de planificación urbana e mobilidade (CIPUM) do martes 23 de outubro de 2018.

3.- Modificación puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Aprobación inicial.

Dáse lectura á proposta do sr. Alcalde de 16/10/2018, en relación ao expediente 2018/X999/000176, cuxa parte expositiva indica o seguinte:

“ASUNTO: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM DE CARBALLO NO ÁMBITO DO SISTEMA XERAL VIARIO SX-VI2a. Aprobación Inicial.
EXPTÉ. 2018/X999/000176.
PROMOTOR: CONCELLO DE CARBALLO.
REX. ENTRADA: 201800000006056 de 10/07/2018
REDACTOR: BEATRIZ ANEIROS FILGUEIRA (arq. col. 2137 COAG) e ALVARO FERNÁNDEZ CARBALLADA (arq. col. 1047 COAG) COMO INTEGRANTES DA SOCIEDADE "FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.”

O Concello de Carballo, está promovendo a modificación puntual nº 4 do PXOM co obxectivo de mellorar a funcionalidade do sistema xeral viario denominado SX-VI2a, que conectará a rúa Vila de Negreira coa Avenida de Bértoa (AC-552).

Segundo o PXOM o SX-VI2a é unha vía de sistema xeral que parte do cruce da rúa Alfonso X O Sabio coa prolongación da Vila de Negreira que cruza o sector de solo urbanizable SUR-D S-R7, esta vía discorre cara o norte por terreos clasificados como solo rústico de protección agropecuaria (SRPA) e remata na rúa Carlos Rodríguez o Xestal. Tal e como consta na ficha do PXOM, os terreos obteranse por expropiación ou por outros mecanismos contidos no artigo 166 da LOUG (artº 129 da LSG e 315 do RLSG) e o prazo de execución corresponde ao segundo cuatrienio (2020-2023).

Con esta actuación preténdese que esta vía cumpra unha función de desconxestión da Vila de Carballo, evitando o paso do tráfico pesado que ven de Santiago e Ordes cara o norte polo centro urbano e pola zona escolar, mellorando substancialmente a mobilidade sostible no casco urbano xa que se reducirá a posibilidade de accidentes e atropelos, mellorase a calidade do aire, baixará a emisión de ruídos, e permitirá actuacións de humanización das rúas do Sol e Gran Vía, ao tempo que se facilita a circulación de vehículos.

Para elo encargou á empresa *Fernández Carballada y Asociados SLP*, a redacción da documentación necesaria para a tramitación da modificación puntual do PXOM co obxectivo indicado.

A tramitación iniciouse coa solicitude de avaliación ambiental estratéxica (A.A.E.) simplificada, acompañada do borrador da modificación puntual e do documento ambiental estratéxico (DAE) do expediente tramitado.

Como consecuencia do anterior emitiuse o informe ambiental estratéxico (I.A.E.), pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 23 de abril de 2018 (publicado no DOG de 18/05/2018), no que se achegan como ANEXO os informes emitidos durante o período de consultas da A.A.E., pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), Instituto de Estudos do Territorio (IET), Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Dirección Xeral de Ordenación Forestal e Dirección Xeral de Pesca.

O I.A.E conclúe que non se producen efectos no ambiente e sinala que deben integrarse no documento da aprobación inicial as consideracións dos informes incorporados durante as consultas da A.A.E.

O equipo redactor presentou o documento da modificación puntual con data 10/07/2018, e posteriormente solicitouse o informe sectorial previo á aprobación inicial en materia de servidumes acústicas á Axencia Galega de Infraestruturas. Este informe sectorial foi emitido o 12/09/2018 e tivo entrada no concello o 17/09/2018.

A modificación puntual está integrada polos seguintes documentos:

- MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA.
- NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN.

- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO.
- MEMORIA DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA.
- RESUMO EXECUTIVO DA M.P.
- ANEXOS.
 - ANEXO 1. FICHA DE DESENVOLVEMENTO SX-VI2a.
 - ANEXO 2. PXOM DE CARBALLO. CATÁLOGO. FICHA DO ELEMENTO.
 - ANEXO 3. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA M.P. Nº 4 DO PXOM DE CARBALLO.
 - ANEXO 4. DOCUMENTACIÓN A MODIFICAR OU SUBSTITUÍR NO PXOM VIXENTE.
- PLANOS.
 - INFORMACIÓN.
 - ORDENACIÓN.
 - ORDENACIÓN DETALLADA DO SX-VI2a

Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 09/10/2018 no que se detalla a xustificación e descrición da modificación puntual, o axuste ás determinacións ambientais do I.A.E, desglosando a integración das conclusións dos informes emitidos durante a A.A.E. e do informe da axencia de infraestruturas, e consideran que a documentación é suficiente para continuar a súa tramitación.

O órgano competente para resolver este asunto é o pleno do concello en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, de reguladora das bases do réxime local, que atribúe ao órgano plenario a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin a tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera de ditos instrumentos.

Foi vista a documentación do expediente e o informe dos técnicos municipais, conforme ao disposto nos artigos 83.5 e 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos concordantes 200.5 e 144 do seu regulamento (Decreto 143/2016, de 22 de setembro).

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, explica o informe técnico e xurídico que obra no expediente.

O Sr. Bello Pallas, concelleiro do grupo municipal de TEGA, mostra a súa disconformidade con esta modificación, criticando fundamentalmente a redución do ancho do vial de 20 metros a 16. Insiste en que foi aprobado así no PXOM e non hai motivos para modificalo.

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, responde que a redución do vial é unha cuestión que plantexaron os técnicos.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, xustifica a súa abstención en que ata esta comisión non era coñecedora dos informes que motivan esta modificación. Seguidamente, agradece a presenza do arquitecto municipal, porque é a primeira información que teñen sobre esta proposta.

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, aclara que se o arquitecto municipal está presente é porque ela llo solicitou co fin de que explicara os motivos das dúas modificacións.

Sometido o asunto a votación, con un (1) voto en contra, do concelleiro do grupo municipal de TEGA, tres (3) abstencións, dos concelleiros dos grupo municipais do PP e PSdG-PSOE e cinco (5) votos a favor, dos concelleiros do grupo municipal do BNG, a Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade ditamina favorablemente a proposta presentada e propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 4 do PXOM de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Alvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Exp. 2018/G012/000015

C.O.A.G.).

A modificación puntual consiste fundamentalmente na prolongación do sistema xeral viario SX-VI2a, polo norte sobre a rúa Pintor Francisco Miguel, ata a estrada AC-552, conectando coa rúa Vila de Negreira polo sur, redefinindo a ordenación detallada do novo vial, reformulando as aliñacións, a definición xeométrica do eixo, rasantes e seccións, ao longo do seu trazado. Prevense tres novas interseccións mediante dúas glorietas nos cruces da nova vía coas rúas Alfonso X O Sabio e Carlos Díaz O Xestal e un cruce convencional na rúa Andrés Gaos.

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumo executivo.

Terceiro.- Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cuarto.- Solicitar informes sectoriais preceptivos da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.

Quinto.- Conforme ao disposto no artigo 47.2 da Lei 2/20126, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 86 do seu regulamento (Decreto 143/2016, de 22 de setembro), o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



OFICINA TÉCNICA MUNICIPAL

INFORME TÉCNICO E XURÍDICO

- ASUNTO:** MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM DE CARBALLO NO ÁMBITO DO SISTEMA XERAL VIARIO SX-VI2a. Aprobación Inicial.
- EXPTE.** 2018/X999/000176.
- PROMOTOR:** CONCELLO DE CARBALLO.
- REX. ENTRADA:** 201800000006056 de 10/07/2018
- REDACTOR:** BEATRIZ ANEIROS FILGUEIRA (arq. col. 2137 COAG) e ALVARO FERNÁNDEZ CARBALLADA (arq. col. 1047 COAG) COMO INTEGRANTES DA SOCIEDADE "FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P."

I.- ANTECEDENTES.

- Solicitud de inicio da A.A.E. simplificada da m.p. nº 4 do PXOM de Carballo de data 02/02/2018 (R.S. 201800000000635), acompañada do borrador da modificación puntual (m.p.) e do documento ambiental estratéxico (DAE).
- Informe ambiental estratéxico (I.A.E.) emitido pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 23 de abril de 2018 (R.E. 201800000003825 de 4 de maio de 2018), no que se achegan como ANEXO os informes emitidos durante o período de consultas da A.A.E., pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), Instituto de Estudos do Territorio (IET), Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Dirección Xeral de Ordenación Forestal e Dirección Xeral de Pesca.
- Publicación do I.A.E. da m.p. no DOG núm 94 de 18 de maio de 2018.
- Presentación do documento da m.p. o 10 de xullo de 2018 (R.E. 201800000006056).
- Solicitud de informe previo á aprobación inicial en materia de servidumes acústicas á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) o 8 de agosto de 2018 (R.S.201800000003852).
- Informe emitido pola AXI o 12 de setembro de 2018 que foi recibido no concello o 17 de setembro de 2018 (R.E. 201800000007963).
- Presentación do resumo executivo da m.p. o 9 de outubro de 2018 (R.E. 201899900001055).

II.- NORMATIVA APLICABLE.

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL) e Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).

III.- OBXECTO, XUSTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

- PRIMEIRO-OBXECTO.

Tal e como consta na memoria o obxectivo da m.p. consiste en:

"Mellorar a funcionalidade do viario de sistema xeral SX-VI2a, no senso de facelo accesible directamente dende a estrada AC-552 A Coruña-Cee, xa que é o principal vial de entrada/saída o casco urbano de Carballo, e amosa un tráfico elevado; e concretar a definición do mesmo, a fin de posibilitar a redacción directa do proxecto para a súa execución, sen necesidade de redactar un planeamento previo. O novo vial pasará a denominarse "SX-VI2a", a fin de diferencialo do anteriormente vixente.*

Para dar cumprimento aos obxectivos fixados, resulta necesario definir as dúas seguintes actuacións nesta zona:

- *Prolongar o sistema xeral polo norte sobre a rúa Pintor Francisco Miguel, ata a estrada AC-552.*
- *Redefinir a ordenación detallada do novo vial; reformulación das aliñacións, definición xeométrica do eixo, rasantes e seccións, fundamentalmente; ao longo do seu novo trazado".*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña




Segundo o PXOM o SX-VI2a é unha vía de sistema xeral que parte do cruce da rúa Alfonso X O Sabio coa prolongación da Vila de Negreira que cruza o sector de solo urbanizable SUR-D S-R7, esta vía discorre cara o norte por terreos clasificados como solo rústico de protección agropecuaria (SRPA) e remata na rúa Carlos Rodríguez o Xestal.

Tal e como consta na ficha do PXOM, a superficie do ámbito do S.X. é de 10.653,00 m², os terreos obteranse por expropiación ou por outros mecanismos contidos no artigo 166 da LOUG (artº 129 da LSG e 315 do RLSG) e o prazo de execución corresponde ao segundo cuatrienio (2020-2023). Segundo o estudo económico do PXOM a estimación do custo económico desta actuación ascendería á cantidade de 575.262,00 € correspondendo 42.612,00 € á obtención dos terreos necesarios e 532.650,00 € para as obras de construción da vía, estas cantidades incrementaríanse co IVE correspondente.

Na m.p. este sistema xeral viario prolongábase dende a rúa Carlos Díaz O Xestal ata a Av. de Bértoa a través da rúa Pintor Francisco Miguel que se recualifica de dotación de carácter local a sistema xeral, modificando as aliñacións para adaptar esta rúa o seu novo carácter e función.

Os custos de execución do vial previstos na m.p. son superiores aos do PXOM, xa que resulta necesaria unha maior superficie de solo, incorporando terreos clasificados como solo urbano no novo tramo, ademais teríanse que realizar indemnizacións o afectar ás edificacións destinadas a centro social e escola infantil situadas na parte posterior da igrexa parroquial de Bértoa, así como á execución dunha obra urbanizadora mais importante. A nova estimación económica recollida na m.p. é de 854.134,00 € correspondendo 187.584,00 € ao custo dos terreos e 666.550,00 € á execución das obras. Mantense o prazo de execución para o segundo cuatrienio.



- SEGUNDO-XUSTIFICACIÓN:

Tal e como se dispón no artigo 83.1. da LSG e 200.1. do RLSG calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas. Este interese público xustifícase na memoria da m.p. indicando que:

"O obxectivo do presente documento é mellorar a funcionalidade do sistema xeral viario denominado SX-VI2a, polo que se trata de razóns de interese colectivo derivadas dunha necesidade real da poboación residente".

Ao noso xuízo o interese público está suficientemente xustificado xa que se mellora a funcionalidade desta vía que servirá como alternativa á CG-14 "Variante de Carballo" cuxa execución no tempo semella bastante incerta.

A nova vía de sistema xeral, conectará a rúa Vila de Negreira coa Avenida de Bértoa (AC-552) cumprindo moito mellor coa función de desconxestionar a Vila de Carballo evitando o paso do tráfico pesado que ven de Santiago e Ordes cara o norte polo centro urbano e pola zona escolar, mellorando substancialmente a mobilidade sostible no casco urbano xa que se reducirá a posibilidade de accidentes e atropelos, mellorarase a calidade do aire, baixaráse a emisión de ruídos, e permitirá actuar na humanización das rúas do Sol e Gran Vía.

- TERCEIRO-DESCRIPCIÓN:

Ademais do xa explicado nos parágrafos anteriores referente á prolongación do sistema xeral, a m.p. proxecta a ordenación detallada do novo vial de sistema xeral que amosa as seguintes características:

- Trazado: Prevénse tres novas interseccións mediante dúas glorietas nos cruces da nova vía coas rúas Alfonso X O Sabio e Carlos Díaz O Xestal e un cruce convencional na rúa Andrés Gaos. Estas interseccións


Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO


C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- proxéctanse para facilitar as manobras e diminuír a velocidade do tráfico, as súas características se detallan no ap.3.2.3. da memoria e no plano de ordenación detallada OD-1.
- Rasantes: Se concretan no plano OD-1.
 - Seccións: O vial SX-VI2a* amosa dúas seccións distintas:
 - SOLO RÚSTICO: Na zona que atravesa os terreos clasificados como solo rústico proxéctase unha sección transversal cunha anchura total de 16,00 metros, diminuíndo o ancho previsto no PXOM de 20,00 m. A sección transversal en dirección oeste - leste componse de zona peonil de 2,75 m. de anchura, carril bici de 3,00 m. zona axardinada de 1,50 m., calzada de 8,00 metros para circulación en dobre sentido e unha berma de 0,75 m.



- SOLO URBANO (Rúa Pintor Fco. Miguel). O ancho proxectado oscila entre os 14,00 e os 15,30 m., cunha sección transversal a base de calzada en dobre sentido e zona de aparcamento en liña, cunha anchura de 8,70 metros e beirarrúas de anchura igual ou superior a 2,55 metros.



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Estas características semellan axeitadas dende o punto de vista técnico para a funcionalidade prevista para esta vía.

IV.- AXUSTE ÁS DETERMINACIÓNS AMBIENTAIS DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO.

Tal e como indicamos con anterioridade, o informe ambiental estratéxico (I.A.E.) da m.p. formulouse mediante resolución da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 23 de abril de 2018. O informe conclúe que non se someta a m.p. ao procedemento de A.A.E. ordinaria, ao considerar que non se producirán efectos no ambiente, non obstante deberá integrarse na m.p. a determinación referente ás consideracións realizadas pola D.X. de patrimonio cultural que se transcribe a continuación.

Atenderase ás consideracións realizadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural respecto á protección dos bens existentes e a identificación doutros elementos patrimoniais no ámbito da MP. A ordenación proposta non deberá supor unha afección sobre a igrexa e cruceiro de Bértoa. No caso de estender o novo viario cara os rúes dos núcleos rurais tradicionais, manteranse as aliñacións existentes.

Deberase

ter en conta igualmente o indicado nos informes emitidos pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), Instituto de Estudos do Territorio (IET) e Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) durante el período de consultas da A.A.E., xa que os outros organismos consultados, Dirección Xeral de Ordenación Forestal e Dirección Xeral de Pesca non formularon obxección nin proposta algunha ao respecto.

A continuación imos a enunciar as conclusións dos informes anteriores e como foron integrados na proposta de m.p.:

- DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO (DXOTU):

- CONCLUSIÓNS DO INFORME:

III. INFORME
1. Razóns de interese público da modificación (artigo 83.1 da LSG): A mellora da funcionalidade do sistema xeral viario SX-VI2a pode conceptualizarse como de interese público aos efectos do artigo 83.1 da LSG.
2. Contido da modificación: No penúltimo parágrafo do punto 5.4 do borrador sinalase que "el concello podrá decidir si en la gestión del suelo urbanizable y del suelo urbano no consolidado, establece en concepto de conexión y refuerzo de sistemas generales una carga económica con el fin de sufragar en todo o en parte la inversión a asumir por el Concello" nesta modificación. A previsión dos sistemas xerais, das conexións e das obras necesarias para a súa ampliación e reforzo, en solo urbano non consolidado e solo urbanizable, son determinacións propias do plan xeral (artigos 54.2.d) e 56.1.b) e d) da LSG), polo que non cabe o financiamento da proposta con cargo á futura decisión municipal á marxe do plan con respecto a outros ámbitos de xestión en solo urbano non consolidado e urbanizable. <p>Os carrís destinados á circulación de vehículos no treito de viario que non discorre por solo urbano deberán ter un largo mínimo de 3,50 m (artigo 74.1.c.4 do RLSC).</p>
3. Na tramitación (art. 83.5 LSG) seguirase o procedemento sinalado no artigo 60 LSG.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

1. No informe considérase que a m.p. é de interese público.

2. Modificouse o estudo económico do PXOM para incorporar os custos da nova proposta de S.X. xustificando a capacidade financeira municipal para asumir os novos custos.

Os carrís destinados a circulación de vehículos no treito de viario que descorre por solo rústico ampliáronse a 3,50 m. cun arcén de 0,50 m c.u..

- DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL (DXPC):

- CONCLUSIÓNS DO INFORME:

O informe inclúe diversas medidas protectoras e correctoras, que se resumen na memoria da m.p. tal e como se indica a continuación:

- *Dar cumprimento á determinación excluínte 9.3 das DOT*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- *Actualizar as fichas do Catálogo da Modificación ás esixencias da normativa vixente.*
- *Reducir a afección aos elementos protexidos.*
- *Ordenación dos ramais saíntes desde o sistema xeral.*
- *Actualización da Normativa.*

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

Segundo se indica na memoria, estas cuestións integráronse tal e como se indica a continuación:

- *Dar cumprimento á determinación excluínte 9.3 das DOT. Neste sentido, procedeuse a realizar unha análise exhaustiva do ámbito da Modificación, así como os terreos inmediatos, non detectándose a presenza doutros bens de interese patrimonial distintos dos identificados no recente Catálogo do PXOM, aprobado o 4 de febreiro de 2016.*
- *Actualizar as fichas do Catálogo da Modificación ás esixencias da normativa vixente. Dando resposta ao solicitado, procédese a actualizar a ficha do elemento catalogado que se ve afectado.*
- *Reducir a afección aos elementos protexidos. A Modificación afecta á parcela na que se sitúan os elementos catalogados AR-0501 (Igrexa de Bértoa) e ER-0501 (Cruceiro). A afección concrétese na incorporación ao sistema xeral viario dunha pequena superficie situada na esquina sueste; concretamente 5 m2. Nesta superficie que se incorpora ao sistema xeral viario non se localiza ningún elemento de interese ambiental ou patrimonial, unicamente localízase o tramo final do peche da parcela e unha pequena superficie destinada a xardín. O tramo do peche que se ve afectado pola Modificación (zona lindeira co equipamento público), é de execución recente, presentando unhas características construtivas en canto a materiais (formigón encofrado) e acabados sen ningún valor cultural. A Modificación, a pesar de reducir minimamente a superficie da parcela na que se sitúa a igrexa, e por tanto o ben catalogado, mantén o contorno de protección asociado definido no PXOM. Existe un pé arbóreo de certo porte próximo ao ámbito da Modificación, no interior da parcela da Igrexa. Trátase dun exemplar de Plátanus hispánica que forma parte dun conxunto amplo destes espécimes, todos situados no xardín que rodea a igrexa, con pódas de sombra típica desta especie, que achega certo valor ambiental. A Modificación non afecta a este exemplar, xa que se sitúa fóra do seu ámbito, e ademais na Normativa do presente documento prevese a necesidade de garantir a súa conservación. Para iso establécese a medida de que, durante a fase de execución das obras de urbanización previstas, extrémense as medidas de protección garantindo a non afección a estes exemplares. Por último sinalar que a Modificación prevé a eliminación da edificación existente encostada ao muro polo sur (o equipamento público destinado á asociación de veciños), actuación que mellorará a estrutura e contemplación dos elementos de interese patrimonial presentes.*
- *Ordenación dos ramais saíntes desde o sistema xeral. A ordenación proposta non modifica os viarios alentos desde o sistema xeral viario, nin inclúe no seu ámbito espazos libres ou zonas verdes*
- *Actualización da Normativa. Incorpórase na Normativa da Modificación os aspectos sinalados no informe. Prevé que as obras de urbanización deberán incorporar a previsión da reposición deste peche á súa nova posición (de acordo coa nova aliñación fixada), cuns materiais e acabados similares aos existentes nos tramos de leste mesmo peche que aínda se manteñen no estado orixinal. Por último, a Normativa do presente documento inclúe a cautela de que calquera actuación prevista dentro do contorno de protección dos elementos catalogados, sométese ao réxime de autorizacións da administración autonómica competente en patrimonio, derivado da aplicación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia (LPCG).*

Enténdemos que coa incorporación destes aspectos no texto da m.p. dáse resposta ás observacións do informe da DXPC.

- INSTITUTO DE ESTUDIOS DO TERRITORIO (IET).

- CONCLUSIÓN DO INFORME:

A modificación non presentará unha forte incidencia paisaxística toda vez que a meirande parte dos elementos construídos afectados carecen de interese arquitectónico. Non obstante, co fin de garantir un resultado harmónico e de calidade, suxírese a reposición do pequeno muro de peche afectado que rodea o recinto da Igrexa de Bértoa ao novo lindeiro, e establecer medidas de mellora da calidade dos acabados na totalidade do muro, ben con recebo pintado ou ben mediante revestimento de pedra. Así mesmo, suxírese establecer medidas de ocultación das instalacións enerxéticas acaroadas á medianeira da edificación ao norte do muro.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

Na m.p. incorpórase a previsión de repoñer o muro de cerramento afectado con materiais e acabados similares aos existentes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



As instalacións enerxéticas ás que se fai referencia atópanse fora do ámbito da m.p.

- AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.

- CONCLUSIÓNS DO INFORME:

A modificación do Plan adaptárase á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos deste informe, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e mailos Proxectos Sectoriais da Rede Viaria, aprobados por esta Axencia e que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

En particular terá que adaptarse á normativa de accesos nas estradas autonómicas, non considerándose que a conexión prevista coa estrada AC-552 poida ser resolta a través da miniglorieta prevista (tanto por condicionantes xeométricos como polo mantementode condicións óptimas de circulación e seguridade viaria).

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

Para dar cumprimento á conclusión deste informe elimínase a glorieta prevista na AC-552.

A vista do anterior entendemos que a determinación final do I.A.E. e as conclusións dos informes sectoriais foron integrados no texto da m.p..

V - INFORMES PREVIOS Á APROBACIÓN INICIAL.

Tal e como indicamos nos antecedentes solicitouse informe previo á aprobación inicial en materia de servidumes acústicas á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) o 8 de agosto de 2018. Dito informe que foi remitido ao concello o 17 de setembro de 2018 (R.E. 20180000007963), conclúe que:

A día de hoxe non hai servidumes acústicas declaradas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia (segundo o artigo 6 do Decreto 106/2015 deberán estar declaradas antes do 31 de decembro de 2020 naqueles casos onde non se cumpran os obxectivos de calidade acústica). A estrada autonómica que discorre dentro do ámbito afectado por esta modificación puntual, dada a súa IMD, foi incluída na primeira(2007) e na segunda fase (2012) da elaboración dos Mapas Estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios en aplicación da directiva comunitaria 2002/49/CEE.

Namentres, deberán de incluír as limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas autonómicas na parte normativa desta modificación puntual co seguinte texto:

"Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento".

O parágrafo indicado no informe xa está incluído na normativa do PXOM vixente, en concreto no apartado do artigo 199 referente a **"LIMITACIÓNS DE USO DERIVADAS DO RUIDO"**.

VI.- DOCUMENTACIÓN.

A modificación puntual está integrada polos seguintes documentos:

- MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA.
- NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN.
- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO.
- MEMORIA DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA.
- RESUMO EXECUTIVO DA M.P.
- ANEXOS.
 - ANEXO 1. FICHA DE DESENVOLVEMENTO SX-VI2a.
 - ANEXO 2. PXOM DE CARBALLO. CATÁLOGO. FICHA DO ELEMENTO.
 - ANEXO 3. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA M.P. Nº 4 DO PXOM DE CARBALLO.
 - ANEXO 4. DOCUMENTACIÓN A MODIFICAR OU SUBSTITUÍR NO PXOM VIXENTE.
- PLANOS.
 - INFORMACIÓN.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- ORDENACIÓN.
- ORDENACIÓN DETALLADA DO SX-VI2a*

Considérase que esta documentación é suficiente para as características e obxecto da m.p.

VII- FORMULACIÓN E APROBACIÓN INICIAL DA M.P.

De acordo co disposto nos artigos 83.5. da LSG e 200.5. do RLSG.

" A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación".

De conformidade co anterior a formulación das m.p. do PXOM corresponde ao concello de Carballo. A este respecto compre sinalar que a redacción da presente m.p. xunto con outras foi encargada á empresa *Fernández Carballeda y Asociados, SLP* mediante contrato menor de servizo aprobado por Resolución da Alcaldía de data 19 de maio de 2017.

Segundo se dispón nos artigos 60 da LSG e 144 do RLSG.

- *O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.*
A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo.
O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:
 - a) *Os ámbitos en que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.*
 - b) *De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.*
- *O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.*
Respecto dos informes sectoriais a que se fai referencia neste punto no anexo II recóllese unha listaxe dos ditos informes e do momento en que deberá solicitarse cada un deles, de acordo coa normativa sectorial correspondente.
- *Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.*

O concello deberá solicitar os informes sectoriais preceptivos non autonómicos segundo a relación que se establece no anexo II do RLSG, que neste caso son os seguintes:

- Informe da Delegación do Goberno conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 2 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información en materia de telecomunicacións, segundo o disposto no artº 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.

O órgano competente para resolver este asunto é o pleno do concello en virtude do disposto no art 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por todo o anterior, formulase a seguinte:

VIII.- PROPOSTA.

- **Primeiro.**- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 4 do PXOM de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Alvaro Fernández Carballeda (arq. col. 1047 C.O.A.G.).
- **Segundo.**- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO


C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo.

- Terceiro.- Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.

- Cuarto.- Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.



**MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DEL PGOM
DE CARBALLO
EN EL ÁMBITO DEL SISTEMA GENERAL
VIARIO SX-VI2a**

**ANEIROS
FILGUEIRA
BEATRIZ -
76409627Q**

Firmado digitalmente por
ANEIROS FILGUEIRA BEATRIZ -
76409627Q
Nombre de reconocimiento (DN):
c=ES, serialNumber=76409627Q,
sn=ANEIROS FILGUEIRA,
givenName=BEATRIZ,
cn=ANEIROS FILGUEIRA BEATRIZ -
76409627Q
Fecha: 2018.07.06 09:03:23 +02'00'

**FERNANDEZ
CARBALLADA
ALVARO -
10185105S**

Firmado digitalmente por
FERNANDEZ CARBALLADA
ALVARO - 10185105S
Nombre de reconocimiento (DN):
c=ES, serialNumber=10185105S,
sn=FERNANDEZ CARBALLADA,
givenName=ALVARO,
cn=FERNANDEZ CARBALLADA
ALVARO - 10185105S
Fecha: 2018.07.06 09:04:49 +02'00'

SITUACION:

CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

PETICIONARIO:

CONCELLO DE CARBALLO

junio2018

fc | a
arquitecturaurbanismo

álvaro fernández carballeda
beatriz aneiros filgueira
arquitectos

ÍNDICE DEL DOCUMENTO

MEMORIA INFORMATIVA Y JUSTIFICATIVA

1. INTRODUCCIÓN Y ANTECEDENTES	1
1.1. MARCO LEGAL	2
1.1.1. Ley del Suelo de Galicia	2
1.1.2. Reglamento de la Ley del Suelo de Galicia	2
1.2. TRAMITACIÓN PREVIA	3
1.2.1. Trámite de consultas en el procedimiento de EAE simplificada	4
1.3. CONVENIENCIA Y JUSTIFICACIÓN	6
2. MEMORIA JUSTIFICATIVA DE FINES Y OBJETIVOS	7
2.1. DELIMITACIÓN DEL ÁMBITO DE LA MODIFICACIÓN	7
2.1.1. Situación geográfica	7
2.1.2. Situación sobre el planeamiento general municipal	8
2.1.3. Edificaciones existentes	9
2.1.4. Estructura parcelaria	10
2.2. INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS EXISTENTES	12
2.3. AFECCIONES EXISTENTES	12
2.3.1. Carretera AC-552 A Coruña-Cee	12
2.3.2. Patrimoniales	12
2.4. ANÁLISIS DE RIESGOS	14
2.5. DIAGNÓSTICO DE LA SITUACIÓN ACTUAL	14
2.6. PROBLEMÁTICA EXISTENTE	14
3. MEMORIA JUSTIFICATIVA DE FINES Y OBJETIVOS	16
3.1. ALCANCE DE LA MODIFICACIÓN PUNTUAL	16
3.1.1. Objetivo	16
3.1.2. Función del planeamiento propuesto respecto de la situación de partida	16
3.2. DESCRIPCIÓN DE LA ORDENACIÓN PROPUESTA	16
3.2.1. Criterios de la ordenación propuesta	16
3.2.2. Ordenación general propuesta	17
3.2.3. Ordenación detallada propuesta	21
3.3. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL ARTÍCULO 66 DE LA LSG	23
3.4. ANÁLISIS DE LA COMPATIBILIDAD ESTRATÉGICA	23
4. NORMATIVA PARA EL DESARROLLO DE LA MODIFICACIÓN	24

5. ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN Y ESTUDIO ECONÓMICO.....	25
5.1. OBJETO.....	25
5.2. ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN	25
5.3. ESTUDIO ECONÓMICO.....	26
5.3.1. Criterios de valoración. Módulos unitarios de coste de la Modificación Puntual.....	26
5.3.2. Coste económico previsto	26
5.3.3. Análisis de la capacidad financiera del municipio	28
5.3.4. Balance económico del desarrollo del PGOM, y medidas de financiamiento	28
5.4. CONCLUSIONES	28
6. MEMORIA DE SOSTENIBILIDAD ECONÓMICA.....	30
7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR / MODIFICAR EN EL PGOM.....	31

ANEXOS

ANEXO 1. PGOM de Carballo. Ficha de desarrollo SX-VI2a

ANEXO 2. PGOM de Carballo. Catálogo. Ficha del elemento AR-0501

ANEXO 3. Resolución del 23 de abril de 2018 por la que se formula el informe ambiental estratégico de la Modificación Puntual número 4 del Plan General de Ordenación Municipal de Carballo

ANEXO 4. Documentación a modificar/sustituir en el PGOM en vigor

PLANOS

INFORMACIÓN

In-01. SITUACIÓN.....	1/10.000
In-02. FOTO AÉREA	1/2.000
In-03. PARCELARIO CATASTRAL	1/2.000
In-04a. INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS EXISTENTES. ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO.....	1/2.000
In-04b. INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS EXISTENTES. ELECTRICIDAD, GAS, TELECOMUNICACIONES Y TELEFONÍA	1/2.000

In-05. AFECCIONES	1/10.000
In-06a. CLASIFICACIÓN DEL SUELO Y SISTEMAS GENERALES. PGOM VIGENTE	1/5.000
In-06b. ORDENACIÓN Y GESTIÓN. SUELO URBANO DE CARBALLO. PGOM VIGENTE.....	1/2.000

ORDENACIÓN

Or-01. ORDENACIÓN PROPUESTA	1/2.000
-----------------------------------	---------

ORDENACIÓN DETALLADA SG-VI2a


OD-01a. SISTEMA GENERAL. TRAZADO PROPUESTO (HOJA 1 DE 2).....	1/1.000
OD-01b. SISTEMA GENERAL. TRAZADO PROPUESTO (HOJA 2 DE 2).....	1/1.000
OD-02. SISTEMA GENERAL. SECCIONES TRANSVERSALES PROPUESTAS.....	1/50

Firmado digitalmente por: JOSÉ VILLÁN FUERTES - 09764560W
Motivo: Concello de Carballo. Modificación puntual nº 4 PXOM no ámbito do SX-VI2a. Aprobación inicial en sesión 10/18 ordinaria celebrada por el Pleno de la Corporación el 29/10/2018.
Localización: Carballo (A Coruña)
Fecha y hora: 14.11.2018 14:04:39

MEMORIA INFORMATIVA Y JUSTIFICATIVA

1. INTRODUCCIÓN Y ANTECEDENTES

El Plan General de Ordenación Municipal del Concello de Carballo (en adelante PGOM), fue aprobado definitivamente el 4 de febrero de 2016. Dicho documento incorpora la previsión del sistema general viario denominado "SX-VI2a".



Fuente: PGOM de Carballo. Normativa. Ficha de desarrollo del SX-VI2a

En este ámbito se pretende realizar una Modificación cuyo objetivo es mejorar la funcionalidad del vial citado, en el sentido de hacerlo accesible directamente desde la carretera AC-552 A Coruña-Cee, ya que es el principal vial de entrada/salida al casco urbano de Carballo, y presenta un tráfico elevado; y concretar la definición del mismo,

a fin de posibilitar la redacción directa del Proyecto para su ejecución, sin necesidad de redactar un planeamiento de desarrollo previo. El nuevo vial pasará a denominarse “ SX-VI2a* ” (se le incluye un asterisco), a fin de diferenciarlo del anteriormente vigente.

Para dar cumplimiento a los objetivos fijados, resulta necesario definir las siguientes dos actuaciones en esta zona:

- Prolongar el sistema general por el norte sobre la calle Pintor Francisco Miguel, hasta la carretera AC-552.
- Redefinir la ordenación detallada del nuevo vial: replanteo de alineaciones, definición geométrica del eje, rasantes y secciones, fundamentalmente; a lo largo de su nuevo trazado.

1.1. MARCO LEGAL

1.1.1. Ley del Suelo de Galicia

La principal normativa a considerar en la redacción de una modificación de planeamiento general es la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia (en adelante LSG), y más concretamente su artículo 83.

Artículo 83. Modificación de los instrumentos de planeamiento urbanístico

- 1. Cualquier modificación del planeamiento urbanístico habrá de fundamentarse en razones de interés público debidamente justificadas.*
- 2. La alteración del contenido de los instrumentos de planeamiento urbanístico podrá llevarse a cabo mediante la revisión de ellos o mediante la modificación de alguno de sus elementos.*
- 3. Se entiende por revisión del planeamiento general la adopción de nuevos criterios respecto a la estructura general y orgánica del territorio o la clasificación del suelo, motivada por la elección de un modelo territorial distinto, por la aparición de circunstancias sobrevenidas, de carácter demográfico o económico, que incidan sustancialmente sobre la ordenación o el agotamiento de su capacidad.*
- 4. En los demás supuestos, la alteración de las determinaciones del plan se considerará como modificación del mismo, aun cuando dicha alteración implicase cambios en la clasificación, la calificación del suelo o la delimitación del ámbito de los polígonos.*
- 5. La revisión del planeamiento y las modificaciones de cualquiera de sus elementos se sujetarán a las mismas disposiciones enunciadas para su tramitación y aprobación.*
- 6. En el caso de las modificaciones del planeamiento general que tengan por objeto la delimitación del suelo de núcleo rural de acuerdo con lo establecido en el artículo 23, se tramitarán siguiendo el procedimiento establecido en el artículo 78 de la presente ley.*

Con lo anterior y teniendo en cuenta el objetivo que se persigue, se justifica la no necesidad de redactar una Revisión del planeamiento.

El objetivo del presente documento es mejorar la funcionalidad del sistema general viario denominado “SX-VI2a”; por lo que se trata de una razón de interés público derivada de una necesidad real.

La Modificación mantiene la capacidad residencial actual, y no implica la reclasificación de suelo.

1.1.2. Reglamento de la Ley del Suelo de Galicia

Respecto a los objetivos del presente documento, el RLSG establece lo siguiente.

Artículo 200. Modificación de los instrumentos de planeamiento urbanístico

1. Cualquier modificación del planeamiento urbanístico habrá de fundamentarse en razones de interés público debidamente justificadas (artículo 83.1 de la LSG).

2. La alteración del contenido de los instrumentos de planeamiento urbanístico podrá llevarse a cabo mediante la revisión de ellos o mediante la modificación de alguno de sus elementos (artículo 83.2 de la LSG).

3. Se entiende por revisión del planeamiento general la adopción de nuevos criterios respecto a la estructura general y orgánica del territorio o a la clasificación del suelo, motivada por la elección de un modelo territorial distinto, por la aparición de circunstancias sobrevenidas, de carácter demográfico o económico, que incidan sustancialmente sobre la ordenación o el agotamiento de su capacidad (artículo 83.3 de la LSG).

La Modificación altera la ordenación existente en su ámbito, en el sentido de variar un sistema general viario previsto en el PGOM en vigor:

- En el suelo urbano se efectúa una ampliación en su mayoría sobre un vial existente propiedad del Concello, en el que únicamente se amplía la sección. Así el aumento real de viario público es bajo (458 m²), por lo que el coste del mantenimiento de este tramo es similar al actual.
- En el suelo rústico se disminuye la superficie del nuevo vial previsto (en 679 m²), por lo que el coste de su mantenimiento es ligeramente inferior al previsto en el PGOM.

Con lo anterior, considerando que el coste de mantenimiento de la infraestructura prevista no depende de la categoría de suelo sobre la que discurre, y que la superficie total de viario público se disminuye ligeramente respecto de la inicialmente considerada en el PGOM, se concluye que la Modificación no conlleva un aumento en el coste de mantenimiento de las infraestructuras municipales, por lo que se mantienen las estimaciones establecidas en el PGOM en vigor respecto de la sostenibilidad económica, o en todo caso mejorarían ínfimamente.

7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR / MODIFICAR EN EL PGOM

La presente Modificación Puntual del PGOM del Concello de Carballo en el ámbito del sistema general SX-VI2a', únicamente implica la modificación de tres planos de ordenación, una ficha de desarrollo y una ficha del Catálogo:

Normativa. Nueva ficha de desarrollo SX-VI2a'

Catálogo. Nueva ficha del elemento AR-0501'

Plano C-00: Clasificación xeral do solo e sistemas xerais

Plano C-05: Clasificación do solo e sistemas xerais

Plano C-09: Ordenación e xestión. Solo urbano de Carballo

Esta documentación se incorpora en el documento en el Anexo 4 al presente documento.

Carballo, junio de 2018



Fdo.: Álvaro Fernández Carballada

Arquitecto



Fdo.: Beatriz Aneiros Filgueira

Arquitecto

ANEXOS

ANEXO 1

DENOMINACIÓN

SX-VI2a

CLASE DE SOLO	SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN
USO PROPOSTO	SISTEMA VIARIO
ORDENANZA DE APLICACIÓN	ORDENANZA DE VÍAS PÚBLICAS

PARÁMETROS

SUPERFICIE BRUTA DO ÁMBITO	10.653,00 m ²
SUPERFICIE NETA DO ÁMBITO	10.653,00 m ²
DOMINIOS PÚBLICOS EXISTENTES TOTAIS	0,00 m ²

DESENVOLVEMENTO E XESTIÓN

INICIATIVA DE PLANEAMENTO	PÚBLICA
FIGURA DE PLANEAMENTO	PXOM
CRITERIO DE XESTIÓN	A OBTER (OB)
SISTEMA DE OBTENCIÓN	SEGUNDO O ARTIGO 166 DA LOUG
FINANCIACIÓN	PÚBLICA (CONCELLO)
PRAZO	2º cuatrienio

CRITERIOS DE ORDENACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN

Delimitase o ámbito en solo rústico para rematar a conexión da rúa Vila de Negreia coa rúa Carlos Rodriguez o Xestal
O viario é unha actuación que xestiona e costea o concello, por expropiación ou por outros mecanismos contidos no artigo 166 da LOUG.

OBSERVACIÓNS

As ferramentas de desenvolvemento e execución do sistema xeral deberán contar cos informes e autorizacións favorables das administracións competentes. O ámbito de desenvolvemento urbanístico, ao estar afectado por un elemento catalogado, precisará do informe favorable do organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural.

ANEXO 2

CLASE DE ELEMENTO
ARQUITECTURA

 TIPOLOXÍA
ARQUITECTURA RELIXIOSA

 CLAVE DE IDENTIFICACIÓN
AR-0501


DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LUGAR:
IGREXA DE BÉRTOA (PARROQUIAL DE SANTA MARÍA)	BÉRTOA (SANTA MARÍA)	CARBALLO	

ADSCRICIÓN/ ESTILO	COORDENADAS:
	UTM X = 526223 Y = 4786110

DESCRICIÓN

Pequena igrexa rural en adro pechado con elementos ornamentais de cantería no acceso, ao cal se enfronta a fachada, enmarcada entre pilastras e rematada por espadana do campanario. O edificio posúe planta de cruz latina, cunha pequena sancristía anexa á parte posterior. A nave principal cóbrese cunha bóveda de canón que se ve interrompida por un arco triunfal que delimita o paso ó presbiterio, do mesmo xeito que dous arcos de medio punto dan paso ás pequenas capelas laterais. A estrutura da cuberta é a dúas e tres augas, cunha cubrición de tella curva. O interior presenta uns muros recebados e caleados, con excepción de arcos, cornixas e ocós. A decoración é moi sinxela, resaltando o pequeno retablo do altar maior.

O xogo volumétrico que describe o edificio no exterior é o característico das edificacións que posúen unha planta de cruz latina, aínda que no caso de Santa María destaca a extremada sobriedade de todo o conxunto. A fachada principal transluce o desexo de elevar a simetría ó seu máximo expoñente; catro pilastras dividen a esta en tres entrepanos, agrupándose no central o conxunto de elementos ornamentais e funcionais.

Moi deteriorado o seu entorno por recentes construcións adosadas aos laterais do atrio, permanece como referencia á vida rural da zona, actualmente absorbida pola expansión lonxitudinal do núcleo urbano de Carballo.

CATEGORÍA	TITULARIDADE	NIVEL DE PROTECCIÓN	ESTADO DE CONSERVACIÓN	USO
INVENTARIADO	PRIVADA	INTEGRAL	BO	RELIXIOSO

CLASE DE SOLO	ORDENANZA DE APLICACIÓN
SOLO DE NUCLEO URBANO	


OBSERVACIÓNS

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS


OBRAS PROHIBIDAS	OBRAS PERMITIDAS
As derivadas do seu nivel de protección	As derivadas do seu nivel de protección

DENOMINACIÓN	CLAVE DE IDENTIFICACIÓN	PLANO P.X.O.M.
IGREXA DE BÉRTOA (PARROQUIAL DE SANTA MARÍA)	AR-0501	C-05



1/1.000

1/5.000



CONTORNO DE PROTECCIÓN	ELEMENTO CATALOGADO				COORDENADAS UTM-HUSO 29N X: X:	Y: Y:
SOLO URBANO SU-C	SOLO URBANIZABLE DISPOSICIÓN TRANSITORIA 13ª SUR-T	SOLO NÚCLEO RURAL COMPLEXO NR-HT/C	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL SR-PF	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL SR-PP	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS SR-PN	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA SR-PX
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO SU-NC	SOLO NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL NR-HT	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA SR-PO	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS SR-PC	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SR-PI	ACTUACIÓN INTEGRAL EN SOLO DE NÚCLEO RURAL	PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓN E ESPAZOS LIBRES DO LITORAL (PEL)
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO SUR-D	SOLO NÚCLEO RURAL COMÚN NR-C	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA SR-PA	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS SR-FR			



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://cmaot.xunta.gal>
avaliacion.ambiental.estraxica@xunta.gal

galicia

Alcalde do Concello de Carballo

Praza do Concello, s/n
15100 Carballo (A Coruña)

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 02/05/2018 11:35:48

SAÍDA 5523 / RX 641435



AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. REMISIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Nome do plan: Modificación puntual núm.4 do PXOM do concello de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a

Promotor: Concello de Carballo

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2018AAE2160

Código web: 2040/2018

Achégolle Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo á Modificación puntual núm.4 do PXOM no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a, concello de Carballo (A Coruña).

Remítese tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador da Modificación e que corresponden aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Instituto de Estudos do Territorio
- Axencia Galega de Infraestruturas
- Dirección Xeral de Ordenación Forestal
- Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Margarita Segade Castro





RESOLUCIÓN DO 23 DE ABRIL DE 2018 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 4 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CARBALLO

Promotor: Concello de Carballo

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2018AAE2160

Código web: 2040/2018

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O concello de Carballo conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 04.02.2016.
- 2 O día 06.02.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Carballo no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada ao abeiro da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da *Modificación puntual núm.4 do PXOM do concello de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a* (Modificación ou MP).
- 3 O día 08.02.2018 esta Dirección Xeral iniciou, a través da súa sede electrónica, un período de consulta pública dos documentos recibidos, o cal finalizou o día 09.04.2018. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS


- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da citada Lei do solo (RLSG).
- 2 O artigo 46.2.a) da Lei 2/2016 sinala que debe someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores dos instrumentos de planeamento urbanístico, como son os plans xerais de ordenación municipal.
- 3 O artigo 60.4 da dita Lei establece que o órgano ambiental, tras validar a documentación presentada polo promotor, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de dous meses.
- 4 O artigo 31.2 da Lei 21/2013 establece que o órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderán determinarse que a modificación ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

- 5 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da Modificación puntual (MP)

Ámbito de actuación: sistema xeral viario SG-VI2a e rúa Pintor Francisco Miguel, no extremo nordeste do núcleo urbano de Carballo.



Obxecto: mellorar o tránsito rodado ao seu paso polo núcleo de Carballo mediante a apertura dunha nova vía periférica (SX-VI2a) ao longo da rúa Pintor Francisco Miguel ata a estrada AC-552, principal acceso ao casco urbano.

Proposta: contéplase unicamente a alternativa "0" (manter as condicións fixadas no PXOM para este ámbito), que se rexeita porque a conexión da nova vía polo norte xera unha sección inadecuada para dar saída ao tráfico previsto na estrada AC-552. Como alternativa de actuación, propónse a prolongación do SX-VI2a sobre a rúa Pintor Francisco Miguel ata a estrada AC-552, definindo a ordenación detallada da vía (definición xeométrica do eixe, rasantes e seccións).

2. Características ambientais da área probablemente afectada

A MP localízase no termo municipal de Carballo, concello do oeste da provincia da Coruña que constitúe a capital da comarca de Bergantiños. O municipio conta cunha superficie de 186,1 km² e unha poboación de 31.195 habitantes (INE 2017).

O viario que se executará coa MP discorre principalmente por solo rústico de protección agropecuaria, constituído por prados e leiras de cultivo. Unha pequena parte discorre tamén por solo rústico de protección de infraestruturas, modificando terreos do sistema local viario en solo urbano, así como por terreos en solo urbano de equipamento relixioso e equipamento público educativo, e terreos cualificados coa ordenanza 1.2 "residencial extensiva vivenda familiar acaroadá".



No interior do ámbito existen tres edificacións: unha pequena edificación de carácter auxiliar en solo rústico, próxima ao núcleo do Fondal, e dúas edificacións acaroadas en solo urbano pertencentes ao equipamento público docente existente, na marxe oeste da rúa Pintor Francisco Miguel.

O ámbito pertence á conca hidrográfica do río Anllóns, que discorre a uns 400 m ao leste do sector. Ademais, cara o nordeste da rúa Pintor Francisco Miguel localízase o rego de Bértoa, afluente do Anllóns.

A MP non afecta a espazos protexidos pola Rede galega de espazos protexidos ou pola Rede Natura 2000, así como tampouco a outros instrumentos que contén con algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza, dos espazos naturais ou da flora e a fauna.

En canto a elementos do patrimonio cultural, o ámbito coincide co contorno de protección de dous elementos catalogados: a igrexa de Bértoa (AR-0501) e o cruceiro de Bértoa (ER-0501).

As vías que delimitan o SX-VI2a contan con redes de servizos de abastecemento, saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública e telecomunicacións.

3. Período de exposición pública e consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do Instituto de Estudos do Territorio, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Dirección Xeral de Ordenación Forestal e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

O Concello deberá considerar a totalidade destas observacións no proceso de elaboración da Modificación puntual, para o cal remítenselle os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Indica que a razón de interese público é a mellora da funcionalidade do sistema xeral viario SX-VI2a.

Por outra banda, cuestiona o financiamento proposto para a previsión dos sistemas xerais, das conexións e das obras necesarias para a súa implantación e reforzo, en solo urbano non consolidado e solo urbanizable. Os carrís destinados á circulación de vehículos no treito de viario que non discorre por solo urbano deberán ter un largo mínimo de 3,50 metros.

Na tramitación seguirase o procedemento sinalado no artigo 60 LSG.

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Indica que no ámbito de actuación vense afectadas tres edificacións existentes: dúas edificacións acaroadas ao norte do ámbito (en solo urbano), e, máis ao sur, xunto ao núcleo do Fondal, un alpendre situado en solo rústico. En canto a elementos do patrimonio cultural, recolle a afección sobre o elemento catalogado AR-0501 (igrexa de Bértoa) e o seu contorno de protección, así como o contorno de protección do elemento ER-0501 (cruceiro de Bértoa).

Entre as medidas protectoras e correctoras propostas, solicita a el realización dunha prospección exhaustiva da totalidade do ámbito, co obxecto de identificar todos os bens con valores merecedores de protección existentes no ámbito, así como actualizar no catálogo as fichas dos bens afectados pola MP. Lembra que os hórreos, os cruceiros e os petos de ánimas anteriores a 1901 terán a consideración de BIC e quedarán sometidos ao réxime xurídico previsto para ese tipo de bens. Ademais, achega unhas consideracións para os contornos de protección e para os bens do patrimonio cultural xa coñecidos. En concreto:

- Igrexa de Bértoa: indica que a redución do adro que previsto na MP para ampliar a vía Pintor Francisco Miguel non semella adecuada, atendendo á salvagarda dos valores culturais -de acordo co art.44 da LPCG-, así como tampouco a modificación do muro que o delimita, xa que ademais poderíase afectar ao arborado existente no adro. Deberase eliminar esta afección, toda vez que podería reducirse a zona de aparcadoiro e/ou de beirarrúa.
- Cruceiro de Bértoa: aínda que a MP non afecta directamente ao ben nin ao seu contorno, a traza do ramal proposto dende a glorieta introdúcese no contorno de protección do hórreo, xerando unha afección directa sobre el, e supón a perda da estrutura viaria que o rodea.

Procurarase o emprego das vías existentes fronte a apertura de novos trazados. Na ordenación que se formule, terase en conta que os ramais saíntes dende o sistema xeral non deberán xerar afeccións aos bens do patrimonio cultural e non suporán o derrubo de muros tradicionais dos barrios ou sendeiros. No caso de estender o novo viario cara os rúes dos núcleos rurais tradicionais, manteranse as aliñacións existentes. Nas ordenanzas inclúense medidas específicas e criterios de deseño para os espazos libres e as zonas verdes públicas, de xeito que se manteña a máxima naturalidade.

Unha vez aprobado inicialmente o expediente da MP, deberase solicitar o informe vinculante previsto no artigo 34 da LPCG.

Instituto de Estudos do Territorio

Informa que, en relación co Catálogo das Paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, o ámbito sitúase dentro da comarca paisaxística de Bergantiños, na grande área paisaxística das Chairas e Fosas Occidentais.

Sinala que a MP afecta a unha pequena rúa do núcleo urbano de Carballo, onde a calidade paisaxística da escena urbana é, en xeral, baixa. Os únicos elementos de interese son a igrexa e o cruceiro de Bértoa. A MP non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que a meirande parte das construcións afectadas carecen de interese arquitectónico. Non obstante, co fin de garantir un resultado harmónico de calidade, suxírese a reposición do pequeno muro de peche que rodea o recinto da igrexa de Bértoa, e establecer medidas de mellora da calidade dos acabados na totalidade do muro. Así mesmo, suxírese establecer medidas de ocultación das instalacións enerxéticas acaroadas á medianeira da edificación ao norte do muro.

Conclúe considerando que a MP non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas anteriormente.

Unha vez aprobada inicialmente, a MP deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)

Informa de que a estrada autonómica que discorre no ámbito da MP é a AC-552 A Coruña (A Grela)-Cee (AC-550). Sinala que a MP deberá adaptarse á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos do informe e, no seu caso, aos proxectos aprobados pola AXI que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

En particular, terá que adaptarse á normativa de accesos nas estradas autonómicas, non considerando que a conexión prevista coa estrada AC-552 poida ser resolta a través da miniglorieta prevista (tanto por condicionantes xeométricos como polo mantemento de condicións óptimas de circulación e seguridade viaria).



Dirección Xeral de Ordenación Forestal

Indican que, segundo os datos do Servizo de Montes da Coruña, a zona de actuación non afecta a ningún monte de xestión pública nin clasificado como monte veciñal en man común, e que as actuacións proxectadas teñen lugar dentro dun ámbito de solo rústico de especial protección agropecuaria e de solo urbano.

Por estas razóns, non ten nada que obxectar á realización da MP, se ben lembra a necesidade de cumprir coas distancias de plantación especificadas no artigo 21.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, cara a seguridade da poboación fronte a ocorrencia de incendios forestais.

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Sinala que non é previsible que as actuacións comprendidas na MP teñan efecto sobre as actividades de acuicultura mariña ou continental da súa competencia.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Analizada a documentación remitida, as características do ámbito afectado, así como as respostas ás consultas realizadas, fanse as seguintes consideracións:

A modificación proposta ten por obxecto mellorar a funcionalidade dunha nova vía prevista no PXOM (SX-VI2a), co fin de facela accesible directamente desde a estrada AC-522 -principal acceso ao casco urbano de Carballo- que presenta un tráfico elevado.

A MP non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Non inflúe noutros plans e programas, nin se considera pertinente para a implantación de lexislación en materia ambiental.

Ao respecto dos efectos ambientais da proposta, a MP non se localiza en ámbitos protexidos pola lexislación sectorial do patrimonio natural ou a paisaxe, nin afecta a zonas que presenten riscos de inundación ou incendio, polo que non se consideran efectos significativos sobre estas variables ambientais.

Considérase que a MP incidirá positivamente sobre a mobilidade, ao desconxestionar a vía principal de acceso ao núcleo urbano de Carballo, se ben -segundo indica a AXI- a solución de conexión prevista (mediante unha miniglorieta) podería afectar ás condicións de circulación e seguridade viaria.

A proposta afectará ao patrimonio cultural, xa que ao aumentar a sección da rúa Pintor Francisco Miguel redúcese o adro da igrexa de Bértoa, modificando o seu muro de peche. No que respecta ao cruceiro de Bértoa, a traza do ramal proposto dende a glorieta introdúcese no contorno de protección do hórreo, xerando unha afección directa sobre el.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da Modificación puntual, sempre e cando se teñan en conta as determinacións ambientais que se establecen neste informe.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual núm.4 do PXOM do concello de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a, ao considerar que non se

producirán efectos significativos no ambiente. No entanto, para favorecer a sustentabilidade da proposta, establécese a seguinte **determinación**:

- Atenderase ás consideracións realizadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural respecto á protección dos bens existentes e a identificación doutros elementos patrimoniais no ámbito da MP. A ordenación proposta non deberá supor unha afección sobre a igrexa e cruceiro de Bértoa. No caso de estender o novo viario cara os rúeiros dos núcleos rurais tradicionais, manteranse as aliñacións existentes.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual núm.4 do PXOM do concello de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a**. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integraranse no planeamento a determinación que se indica na proposta transcrita.

Este informe ambiental farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal); remitirase ao Concello de Carballo, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación da Modificación.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a Modificación no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da *Modificación puntual núm.4 do PXOM do concello de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa



INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO, PARA OS EFECTOS DO TRÁMITE DE CONSULTAS PREVISTO NO ARTIGO 60.4 DA LEI DO SOLO DE GALICIA.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC) somete a consultas da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) a modificación referida, en virtude do artigo 60.4, en relación co 83.5, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Logo de analizar a documentación obxecto da consulta do órgano ambiental, e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, emítese o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

1. O Concello de Carballo conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente por Orde desta consellería do 4/02/2016.
2. O órgano ambiental someteu esta modificación a consultas da DXOTU por resolución de data 8/02/2018, achegando documentación de data decembro de 2017 subscrita polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira:
 - a) Borrador do plan, titulado *Modificación puntual nº 4 do PXOM de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a. Borrador do plan.*
 - b) *Documento ambiental estratéxico* relativo á modificación.

II. OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

1. O plan xeral vixente prevé un sistema xeral viario público de nova apertura, denominado "SX-VI2a" de 20 m de largo, co carácter de viario estruturante proxectado en solo urbano e solo urbanizable (folla C-5 do plano a 1/5000 e CA-9 do plano a 1/2000).

Sitúase ao nordeste do casco urbano de Carballo e discorre en dirección nor-nordeste a sur-suroeste enlazando a confluencia das rúas Pintor Francisco Miguel e Carlos Díaz o Xestal (en solo urbano) co lugar de Ferradas, onde enlaza co sistema xeral viario SX-VI2b (xa dentro do ámbito do solo urbanizable delimitado SUR-D S-R7). O viario discorre por solo rústico, coas categorías de protección de infraestruturas e de protección agropecuaria.

A súa execución prevese con cargo ao concello, con obtención de 10.653 m² de solo, no segundo cuatrienio da estratexia de actuación do plan, e cun orzamento, segundo o estudo económico do plan xeral, de 42.612 € para a obtención de solo e 532.650 € para a execución.

A modificación afecta tamén a terreos do sistema local viario en solo urbano (rúa Pintor Francisco Miguel, nuns 2.600 m²) e a terreos de equipamento relixioso (EQ-R, igrexa e cruceiro de Bértoa, elementos catalogados, 58 m²) e equipamento público educativo (EQ-E, 142 m²), así como terreos cualificados coa ordenanza 1.2 *Residencial extensiva vivenda familiar en Carballo, acaroadada* (125 m²).



PTU AC 18 008
CARBALLO (A CORUÑA)
MP PXOM Nº 4
Consultas art. 60.4 LSG
Páxina 2 de 2

2. A modificación ten por obxecto mellorar a funcionalidade do vial SX-VI2a, no senso de facelo accesible directamente desde a estrada AC-552 A Coruña-Cee, que é o principal acceso ao casco urbano de Carballo, e presenta un tráfico elevado; e concretar a súa definición para posibilitar a súa execución sen necesidade dun planeamento de desenvolvemento previo (puntos 1 e 3.1.1 do borrador).

Para cumprir eses obxectivos o borrador define dúas actuacións (puntos 1 e 3.1.1):

- a) Prolongar o viario polo norte sobre a rúa Pintor Francisco Miguel, ata a AC-552.

Incorpórase ao sistema xeral viario e aféctanse os terreos indicados máis arriba para acadar un largo mínimo de 14 m da vía.

- b) Definir a ordenación detallada do viario: definición xeométrica do eixe, rasantes e seccións, fundamentalmente.

Prevese a redución da franxa de solo rústico afectada polo viario a un promedio de 16 m, con variacións que se grafan nos planos derivadas dos movementos de terras necesarios para acadar o eixe e as rasantes fixadas. A superficie afectada pasa de 10.653 m² a 9.974 m².

III. INFORME

1. Razóns de interese público da modificación (artigo 83.1 da LSG): A mellora da funcionalidade do sistema xeral viario SX-VI2a pode conceptuarse como de interese público aos efectos do artigo 83.1 da LSG.
2. Contido da modificación: No penúltimo parágrafo do punto 5.4 do borrador sinalase que "el concello podrá decidir si en la gestión del suelo urbanizable y del suelo urbano no consolidado, establece en concepto de conexión y refuerzo de sistemas generales una carga económica con el fin de sufragar en todo o en parte la inversión a asumir por el Concello" nesta modificación. A previsión dos sistemas xerais, das conexións e das obras necesarias para a súa ampliación e reforzo, en solo urbano non consolidado e solo urbanizable, son determinacións propias do plan xeral (artigos 54.2.d) e 56.1.b) e d) da LSG), polo que non cabe o financiamento da proposta con cargo á futura decisión municipal á marxe do plan con respecto a outros ámbitos de xestión en solo urbano non consolidado e urbanizable.

Os carrís destinados á circulación de vehículos no treito de viario que non discorre por solo urbano deberán ter un largo mínimo de 3,50 m (artigo 74.1.c.4 do RLSG).

3. Na tramitación (art. 83.5 LSG) seguirase o procedemento sinalado no artigo 60 LSG.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

A Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



M^a Encarnación Rivas Díaz



OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 4 DO PXOM DE CARBALLO NO ÁMBITO DO SISTEMA XERAL VIARIO SX-VI2a

<u>Trámite:</u>	Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
<u>Documento:</u>	Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) da <i>Modificación puntual nº 4 do PXOM de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a</i>
<u>Ámbito:</u>	Ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a e rúa Pintor Francisco Miguel
<u>Autor:</u>	Fernández Carballa Asociados (A. Fernández Carballada e B. Aneiros Filgueira, arquitectos)
<u>Promotor:</u>	Concello de Carballo
<u>Data da solicitude:</u>	08.02.2018
<u>Código web:</u>	2040/2018
<u>Expediente:</u>	2018/1182

MARCO LEGAL

O planeamento vixente no concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM), do 04.02.2016.

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Resolución do 14 de maio de 1991 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, pola que se aproban as normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

INTRODUCCIÓN

En virtude do previsto no artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), o 08.02.2018 acórdase pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático "*Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador da Modificación puntual nº 4 do PXOM de Carballo.*" De acordo co artigo 5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, enténdese por "administracións públicas afectadas" as que teñen competencias nunha serie de materias entre as que se inclúen os bens materiais e o patrimonio cultural.

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. O artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG) establece que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural. En base á dita competencia fórmulanse as seguintes observacións e suxestións á *Modificación puntual nº 4 do PXOM de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-VI2a* :


1. Obxecto da modificación puntual do PXOM

O OBXECTO da MP é posibilitar a redacción directa do proxecto para a súa execución, sen necesidade de redactar un plan de desenvolvemento previo, das seguintes actuacións:

- Prolongar o vial polo norte sobre a rúa Pintor Francisco Miguel, ata a estrada AC-552.
- Definir a ordenación detallada do vial: definición xeométrica do eixe, rasantes e seccións.

O obxectivo é mellorar a funcionalidade do vial, cara a facelo accesible directamente dende a estrada AC-552 A Coruña-Cee, xa que esta é o principal acceso á zona urbana de Carballo e presenta un tráfico elevado.




A MP prevé dar continuidade polo norte ao sistema xeral sobre a rúa Pintor Francisco Miguel, para enlazar directamente coa Avda. de Bértoa (estrada AC-552), onde se prevé executar unha glorieta de enlace.





O ÁMBITO da MP está formado polo SG-VI2a e pola rúa Pintor Francisco Miguel, vial sobre o que se prevé a ampliación do sistema xeral. A nova delimitación leva consigo unha diminución da superficie ocupada en solo rústico e un aumento da mesma sobre solo urbano. Non se altera a clasificación urbanística recollida no PXOM.

Vense afectadas tres edificacións existentes:

- Ao norte do ámbito, dúas edificacións acaroadas pertencentes ao equipamento público existente en solo urbano. Unha delas (B+1) destinada a uso educativo e a outra, de planta baixa, que está a ser utilizada pola asociación de veciños de Santa Eufemia de Bértoa.



- Mais ao sur, próxima ao núcleo de O Fondal, un apendre situado en solo rústico.






2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

O punto 2.3.2 do borrador recolle que o ámbito da MP afecta ao elemento catalogado AR-0501 (Igrexa de Bértoa) e ao seu contorno de protección, así como ao contorno de protección do elemento ER-0501 (Cruceiro de Bértoa). No Anexo 1 deste informe achéganse as fichas destes elementos incluídas no catálogo do PXOM vixente.

Respecto á Igrexa de Bértoa, ao aumentar a sección da rúa Pintor Francisco Miguel, efectúase unha pequena redución do adro, modificación do seu muro de peche e, polo tanto, aféctase directamente ao ben protexido.



3. Medidas protectoras e correctoras

- a. A determinación exliúnte 9.3 das DOT establece que *"calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento máis da actuación. Os traballos de análise referidos incorporarán unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico"*.

En cumprimento desta determinación das DOT, deberase realizar unha PROSPECCIÓN exhaustiva da totalidade do ámbito co obxecto de identificar con precisión todos os bens con valores merecedores de protección existentes dentro do ámbito da MP. Ademais, pola posible afectación do contorno de protección doutros bens que se cataloguen nos ámbitos adxacentes, a prospección estenderase fóra do ámbito o necesario para, de ser o caso, incluír estes bens.

Unha vez feita e toda vez identificados, deberanse delimitar os bens e o seu contorno de protección para a súa inclusión no catálogo e a súa representación nos planos de ordenación.

A realización desta prospección non será necesaria se queda acreditada a elaboración dunha prospección das características descritas, feita cunha antigüidade menor de 5 anos (artigo 34.3 LPCG).

- b. Os CATÁLOGOS son instrumentos complementarios dos plans que teñen por obxecto identificar os elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos ou paisaxísticos, se considere conveniente conservar, mellorar ou recuperar (artigo 81.1 da LSG).

A esixencia da redacción dun catálogo propio da MP recóllese no artigo 35 da LPCG. Así mesmo, o artigo 81.2 da LSG establece que os instrumentos de planeamento conterán obrigatoriamente un catálogo no que se prevexan as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos referidos elementos.

O contido das fichas do catálogo da MP deberá axustarse ás esixencias da normativa vixente. O artigo 81.3 da LSG indica que o catálogo conterá unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na que se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, localización e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación. O regulamento da LSG, no seu artigo 197.1.c engade a esta lista o nivel de protección ao que está sometido o elemento e as actuacións autorizables, que serán os dispostos nos artigos 41 e 42 da LPCG.

Deberanse actualizar as fichas dos bens afectados pola MP ao disposto polo novo texto normativo:

- Segundo o artigo 8 da LPCG, a denominación correcta para o tipo de ben é "clasificación" e non categoría (as categorías de bens inmoables declarados de interese cultural ou catalogados regúlanse no artigo 10 da LPCG).

- Segundo o artigo 8 da LPCG, os bens poderán clasificarse como bens de interese cultural ou catalogados (desapareceu a clasificación como bens "inventariados", e non existe a de "incluído no catálogo").
 - Canto ao elemento ER-0501 (Cruceiro de Bértoa), terase en conta que os hórreos, os cruceiros e os petos de ánimas anteriores a 1901 terán a consideración de BIC polo ministerio da lei e quedarán sometidos ao réxime xurídico previsto para ese tipo de bens, sen necesidade da tramitación previa do procedemento previsto no seu Título I (artigo 92.1 da LPCG), polo que haberá que comprobar este dato.
- c. A DA 3ª da LPCG, establece que os Catálogos do planeamento terán a consideración de normativos no referido ás actuacións e condicións de protección, e definirán os tipos de intervención posible e o nivel de protección de cada ben incluído neles, así como as determinacións específicas que se consideren necesarias.
- d. A DELIMITACIÓN DOS BENS catalogados deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que o ben quedaría descontextualizado, polo que con carácter xeral, deberá recollese e protexerse tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios.
- e. Canto á delimitación dos CONTORNOS DE PROTECCIÓN dos bens do patrimonio cultural, estarase ao disposto no art. 12.2 da LPCG. O contorno de protección enténdese como os espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. A delimitación dos bens de carácter arqueolóxico realizarase en base ás estruturas visibles e aos indicios ou evidencias tecnicamente documentables.

Terase en conta que os contornos de protección afectarán ás edificacións coas súas parcelas completas, así como ás fachadas que delimitan os espazos públicos. Cando varios elementos singulares se articulen nun conxunto, o contorno de protección trazarase a partir dos elementos máis exteriores do conxunto e abarcará a súa totalidade.

Cando se superpoñan contornos de protección de diferentes bens, grafarase e tan só a súa envolvente.

Cabe sinalar que os contornos de protección se delimitarán seguindo preexistencias do territorio, atendendo á relación dos bens coa área territorial á que pertencen. Establecerase unha delimitación que deberá seguir as pegadas físicas existentes no territorio próximo (límites de parcelas, camiños, muros, cómaros,...), evitando en todo caso liñas xeométricas abstractas.

En xeral, os contornos débense estudar de maneira individualizada, non sendo un criterio atinado aplicar estritamente criterios de distancia. As distancias establecidas para a delimitación xenérica poderán tomarse como punto de partida.

- f. Canto á afección aos BENS DO PATRIMONIO CULTURAL XA COÑECIDOS:

Respecto das actuacións que se poden levar a cabo nos bens do patrimonio cultural ou no seu contorno de protección, estarase ao disposto na LPCG.

- O artigo 40 da LPCG regula os modelos de intervencións.
- Os niveis de protección serán os establecidos no artigo 41 da LPCG.
- Os tipos de obras permitidos segundo os niveis de protección serán os establecidos no artigo 42 da LPCG.

No caso concreto do ben AR-0501 (Igrexa de Bértoa):

A proposta afecta ao propio elemento protexido, xa que na MP se formula a redución do adro que forma parte do ben. Estarase ao disposto no artigo 44 da LPCG, no que se establecen os criterios de intervención nos bens. O dito artigo sinala como criterio a salvagarda dos seus valores culturais, polo que non semella axeitado a redución do adro e a modificación do muro que o delimita para levar a cabo a ampliación do vial, co que ademais poderíase afectar ao arborado existente no adro, característico deste tipo de espazos.

Deberá eliminarse esta afección, toda vez que podería reducirse a zona de aparcadoiro e/ou da beirarrúa.

Asemade, a MP afecta ao contorno de protección do ben, polo que haberanse de cumprir os criterios específicos de intervención nos ámbitos de protección, contidos no artigo 46 da LPCG. Neste sentido semella axeitada a proposta de MP de eliminar a edificación que se atopa acaroadada ao adro, xa que se encamiña á recuperación da estrutura e a organización espacial do ámbito e mellora a contemplación axeitada do ben. Respecto do edificio docente, valorarase a conveniencia ou non da súa conservación.

No caso concreto do ben ER-0501 (Cruceiro de Bértoa):

Aínda que o ámbito da MP non afecta directamente ao ben nin ao seu contorno, a traza do ramal previsto dende a glorieta introdúcese no contorno de protección do hórreo, xerando unha afección directa sobre o mesmo e supón a perda da estrutura viaria que o rodea e da súa escala.

Procurarase o emprego dos viais existentes fronte a apertura de novos trazados, e terase en conta que o ámbito de protección debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. *Deberán procurar a súa integración en materiais, (...) cromatismo, así como garantir a contemplación axeitada do ben* (artigo 46.1 LPCG). En calquera caso estarase ao disposto no seguinte punto respecto dos núcleos rurais.



g. Na ORDENACIÓN que se formule no ámbito, teranse en conta as seguintes consideracións:

Aqueles ramais saíntes dende o sistema xeral non xerarán afeccións aos bens do patrimonio cultural e non suporán o derrubo de muros tradicionais dos barrios ou sendeiros (artigo 26.1.e da LSG). No caso de estender o novo viario cara os rúeiros dos núcleos rurais tradicionais, manteranse as aliñacións existentes.

Nas ordenanzas inclúiranse medidas específicas e criterios de deseño para os espazos libres e as zonas verdes públicas, de xeito que se manteña a máxima naturalidade (emprego de especies arbóreas autóctonas, pavimentación do espazo público baseado en criterios de integración na paisaxe, etc).

h. Na NORMATIVA que se redacte para a MP, actualízase o relativo ao patrimonio cultural galego, estando ao disposto na redacción normativa vixente, a cal se cita no apartado MARCO LEGAL do presente informe. Cómpre destacar o seguinte:

- Segundo a DA 2ª da LPCG desaparece o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, pasando os bens que o integran a ter a consideración de bens catalogados.
- Inclúirase un apartado de protección do patrimonio cultural que, xunto coas fichas do Catálogo de elementos protexidos, constituirá o marco normativo específico de protección do patrimonio cultural establecido polo plan.
- Sinalarase o réxime de autorizacións da Consellería competente en materia de patrimonio cultural nos ámbitos protexidos tendo en conta o seguinte:
 - Será necesario o informe nos casos establecidos nos artigos 34 e 52 da LPCG.
 - Será necesaria autorización nos casos establecidos nos artigos 39, 45, 47, 57, 65 e 96 da LPCG.

CONCLUSIÓN


O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións na *Modificación puntual nº 4 do PXOM de Carballo no ámbito do sistema xeral viario SX-V12a*.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación puntual, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá achegar o documento debidamente dilixenciado.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua





Expediente IET: P-18-060
Plan ou programa: Modificación puntual nº 4 do Plan xeral
de ordenación municipal
Concello: Carballo (A Coruña)
Promotor: Concello de Carballo
Expediente DXCACC: 2018AAE2160

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Con data do 08/02/2018, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico do plan ou programa referido no encabezamento, de conformidade co artigo 60.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

1. Marco legal:

De acordo co artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano ambiental debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan ou programa que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

2. Descrición do plan ou programa e contido da documentación:

A modificación puntual ten por obxectivo mellorar o tránsito rodado ao seu paso polo núcleo de Carballo, mediante a prolongación dunha nova vía periférica ao longo da rúa Pintor Francisco Miguel ata a estrada AC-552, así como definir a ordenación detallada da mesma.

O borrador e o documento ambiental estratéxico non inclúen ningunha referencia á paisaxe urbana afectada. Tampouco se contempla ningunha medida preventiva nin correctora de potenciais impactos.

3. Análise da incidencia do plan ou programa sobre a paisaxe:

